



ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO 29 DE MARZO DE 2021

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de **RIBEIRA**, sendo as vinte horas do luns 29 de febreiro de de 2021 (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 24-03-2021), reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación os efectos de celebrar **Sesión de Pleno ordinario** baixo a modalidade de “telemático” (*coa presenza física dos/as Sres/as concelleiros/as voceiros dos respectivos grupos municipais e o Sr. alcalde-presidente*) previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Partido Popular (PP)

- 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
- 2.-María José Sampedro Fernández
- 3.-Ana Isabel Ruiz Reiriz.
- 4.-Ramón José Doval Sampedro.
- 5.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
- 6.-Ana Isabel Barreiro Rego.
- 7.-Victor Reiriz Lampón
- 8.-Juana María Brión Santamaría
- 9.-Elvira Pereira Ageitos.

Partido Barbanza Independiente (PBBI)

- 1.-Vicente Mariño de Bricio
- 2.-María Herminia Pouso Maneiro
- 3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
- 4.-Emilio Andrés González Regueira.
- 5.-Gerardo Pardavila Fernández.
- 6.-Asier Casais Álvarez
- 7.-Tania Redondo Fernández

Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)

- 1.-José Manuel Vilas Álvarez
- 2.-José Manuel Suárez Puerta Sirgado.

Acta Pleno Ordinario 29 de marzo de 2021

Página 1





Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)

- 1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas
- 2.-Luis Antonio Pérez Barral

Suma Ribeira (SR)

- 1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Asiste igualmente en calidade de asesor informático o empregado municipal Ramón Martínez Becerra.

Con carácter previo ó inicio da Sesión polo **Sr. alcalde-presidente** procédese a dar conta da seguinte **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**, subscrita polos cinco grupos municipais con representación municipal e que é do seguinte tenor literal:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Co obxecto de requirir o apoio á pesca artesanal e a retirada no future Regulamento de Control das cuestións relativas á remisión de datos de capturas dende o buque ou a xeolocalización así como a instalación de cámaras de vixilancia a cambio de cuota de pesca para a flota artesanal:

A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de manifesto a inxustiza existente co sector pesqueiro por mor da modificación do Regulamento de Control aprobada polo Parlamento Europeo o pasado mes de febreiro.

A citada proposta supón a introducción de aspectos novedosos no Regulamento (CE) Nº. 1224/2009, del Consejo (DO L 343 de 22.12.2009), polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da PPC, e os que causarán graves prexuízos para os intereses da frota de pesca artesanal galega, en canto:

1.- Non se modificou a definición de pesca artesanal, petición realizada dende o propio sector. Continúase describindo a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.



FIRMANTE - FECHA





Elo implica que tódalas embarcacións maiores de 12 metros, quedan fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para este segmento de frota – ex. non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos FEMP-.

Non se estimaron os argumentos das organizacións representativas do sector neste sentido, entre outros, de definir a pesca costeira artesanal dende unha perspectiva multiparamétrica, sendo necesario para o recoñecemento da frota que se adica a esta modalidade, o cumprimento de alomenos tres, dos cinco criterios seguintes: 1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais. 3. Duración máxima das mareas: 24 horas. 4. Utilización de artes de pesca sostibles. 5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

2.- En aplicación do Regulamento de control en vigor, únicamente os buques menores de 10 metros de eslora están eximidos de levar un diario de pesca electrónico (DEA) a bordo. Coa actual modificación todos os buques de máis de 4 metros deberán notificar dende o barco as súas capturas, aínda que descóñecéndose a forma de traballo agrupada que normalmente d senvolven as embarcacións de rtes menores que operan en Galicia, principalmente as de marisqueo ou de recursos específicos, e sen terse en conta tampouco as especiais condicións climatolóxicas que predominan na costa galega.

3.- A modificación proposta e aprobada polo Parlamento Europeo incide na implantación de cámaras de "voluntarias" a bordo dos buques de máis de 12 metros de eslora, salvo para infractores, e entendéndose que esa voluntariedade será "premiada" con maior cota nas posibilidades de pesca.

Non obstante, este aspecto é considerado innecesario para a flota de artes menores tendo en conta o escaso número de especies sometidas a TAC's e Cotas e capturadas pola frota artesanal galega, e tamén ao insignificante reparto de especies por buque.

En definitiva, a modificación proposta do Regulamento de Control da Pesca en augas da U.E. considérase de todo inapropiada e inxusta para a flota galega de pesca artesanal, ben por non se ter en conta as súas especiais características estruturais nin a forma de desenvolvemento da súa actividade extractiva.

Por todo o anteriormente exposto, a Cofradía de Pescadores "San Pedro" de Riveira, solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Ribeira, o apoio incondicional ás reivindicacións do sector pesqueiro artesanal e marisqueiro de Galicia e a este respecto, e a adopción dos seguintes

ACORDOS

O pleno do Concello de Ribeira, en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2021 e mediante declaración institucional asinada por todos e cada un dos membros que integran a corporación municipal solicita aos



FIRMANTE - FECHA





grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia- e no Congreso dos Deputados que adopten e executen as seguintes decisións:

Primeiro:-ESIXIR A RETIRADA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA (CE) Nº. 1224/2009, DEL CONSEJO E APROBADA POR MAIORÍA DOS EURODIPUTADOS DO PARLAMENTO EUROPEO, EN CANTO VAI EN PREXUÍZO DOS INTERESES DA FROTA DE PESCA ARTESANAL E DO MARISQUEO DE GALICIA E ANTE A IMPOSIBILIDADE DO SEU CUMPRIMENTO.

Segundo: -ESIXIR DUNHA VEZ POR TODAS UNHA DEFINICIÓN EUROPEA CLARA E REAL DO CONCEPTO DE PESCA ARTESANAL BASEADA NUNHA DEFINICIÓN MULTICRITERIO.

Terceiro: -REQUIRIR UN TRATAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA FROTA DE PESCA COSTEIRA ARTESANAL RESPECTO ÁS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL, RECOMENDÁNDOSE PARA ELO ÁS AUTORIDADES COMUNITARIAS, UN COÑECEMENTO REAL DAS CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIAS DOS BUQUES DE ARTES MENORES, DAS ZONAS DE PESCA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE E DA SELECTIVIDADE DAS ARTES E APARELLOS DE PESCA EMPREGADOS.

A continuación pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 22 DE FEBREIRO DE 2021.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **22 de febreiro de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o Sr. **alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **22 de febreiro de 2021**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **22 de febreiro de 2021**.

2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL B.1.14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.





Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, sobre proposta de Alcaldía que é do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA A PLENO.

Plantéxase unha modificación da Ordenanza B.1.14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.

Os cambios a introducir obedecen as seguintes causas:

Na Redacción da ordenanza anterior ao 2019 constaba a tarifa aplicable ás industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo da auga, como se transcribe a continuación:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO:

ARTIGO 5.- Cota tributaria.

(.....)

2.- A cota tributaria a esixir pola utilización das redes de sumidoiros, e posterior depuración, á que se refire o artigo 2.1.b) determinarase en función da cantidade de auga utilizada na finca, valorada de acordo ca taxa correspondente. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

- a) Vivendas e locais en xeral: 1/3 do consumo de auga.*
- b) Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga”*

A ordenanza modificouse polo pleno en sesión ordinaria de 26/11/2019 (prestación dos servizos de saneamento), e omitiuse a inclusión da tarifa das industrias de fabricación de xeo, sen que constase expresamente a supresión da mesma, polo que se trata de incluír de novo, esta tarifa na ordenanza, obedecendo o cambio a este motivo exclusivamente.

Redacción actual da Ordenanza:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.

ARTIGO 5.-Cota tributaria.

(.....)

2.- As cotas tributaria a esixir pola utilización das redes de sumidoiros, e a súa depuración, á que se refire o artigo 2.1.b) determinarase en función da cantidade de auga utilizada na finca, valorada de acordo ca taxa correspondente. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

2.1.- Epígrafe de Saneamento:

2.1.a) Uso doméstico:

- Mínimo trimestral de 30 m3: 0,116613 €/m3*
- Excesos do mínimo anterior: 0,144392 €/m3*





2.1.b) *Uso industrial e de obras:*

- Mínimo trimestral de 90 m3: 0,140195 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,182803 €/m3

2.1.c) *Industrias de alto consumo:*

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,116806 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,144420 €/m3

2.2.- *Epígrafe de depuración:*

2.2.- *Epígrafe de depuración:*

2.2.a) *Uso doméstico:*

- Mínimo trimestral de 30 m3: 0,597 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,190000 €/m3

2.1.b) *Uso industrial e de obras:*

- Mínimo trimestral de 90 m3: 0,199 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,450000 €/m3

2.1.c) *Industrias de alto consumo, con destino ó emisario do Touro ou destino a emisario propio:*

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,000000 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,000000 €/m3

2.1.d) *Industrias de alto consumo, con destino distinto ó emisario do Touro ou distinto de emisario propio:*

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,270000 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,190000 €/m3

(.....)”

A modificación realizarase mediante a introdución no artigo 5 da tarifa aplicable ás Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga.

ARTIGO AFECTADO	ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA 2.1 EPÍGRAFE DE SANEAMENTO 2.2 EPÍGRAFE DEPURACIÓN
Motivación da modificación	Incluír a tarifa aplicable ás industrias de fabricación de xeo, que constaba na redacción anterior á modificación da Ordenanza no ano 2019.





Vistos os informes da Secretaría, Intervención e Tesourería Municipais, que figuran no expediente, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobación da modificación da ordenanza fiscal que se indica:

- **Ordenanza Fiscal B.1.14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.**

NOVA REDACCIÓN
<p>“ARTIGO 5.-Cota tributaria.</p> <p>(.....)</p> <p>2.- As cotas tributaria a esixir pola utilización das redes de sumidoiros, e a súa depuración, á que se refire o artigo 2.1.b) determinarase en función da cantidade de auga utilizada na finca, valorada de acordo ca taxa correspondente. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:</p> <p>2.1.- Epígrafe de Saneamento:</p> <p>2.1.a) Uso doméstico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mínimo trimestral de 30 m3: 0,116613 €/m3 - Excesos do mínimo anterior: 0,144392 €/m3 <p>2.1.b) Uso industrial e de obras:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mínimo trimestral de 90 m3: 0,140195 €/m3 - Excesos do mínimo anterior: 0,182803 €/m3 - Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga <p>2.1.c) Industrias de alto consumo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mínimo trimestral de 500 m3: 0,116806 €/m3 - Excesos do mínimo anterior: 0,144420 €/m3” - Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga <p>2.2.- Epígrafe de depuración:</p> <p>2.2.- Epígrafe de depuración:</p> <p>2.2.a) Uso doméstico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mínimo trimestral de 30 m3: 0,597 €/m3 - Excesos do mínimo anterior: 0,190000 €/m3 <p>2.1.b) Uso industrial e de obras:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mínimo trimestral de 90 m3: 0,199 €/m3





<p>- Excesos do mínimo anterior: 0,450000 €/m3</p> <p>- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga</p> <p>2.1.c) Industrias de alto consumo, con destino ó emisario do Touro ou destino a emisario propio:</p> <p>- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,000000 €/m3</p> <p>- Excesos do mínimo anterior: 0,000000 €/m3</p> <p>2.1.d) Industrias de alto consumo, con destino distinto ó emisario do Touro ou distinto de emisario propio:</p> <p>- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,270000 €/m3</p> <p>- Excesos do mínimo anterior: 0,190000 €/m3</p> <p>- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga</p> <p>(.....)”</p>

Segundo.-Aprobar o texto refundido da ordenanza modificada, a fin de que éste poda ser publicado de xeito íntegro no Boletín Oficial da Provincia, previa exposición pública, por prazo de 30 días, de acordó co previsto no art. 17.1 do TRLRHL, segundo o detalle que se reproduce a continuación:

ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PÚBLICOS.

B. Ordenanzas reguladoras de taxas.

B.1. Ordenanzas reguladoras de taxas pola prestación de servizos públicos.

B.1.14 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN.

ARTIGO 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos de saneamento e depuración, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 do citado R.D.L. 2/2004.

ARTIGO 2.- Obxecto de gravame.

1.- Constitúe o obxecto de gravame da taxa:

a) A prestación do servizo de acometida a rede municipal de saneamento, a realizar polo concesionario do servizo.



FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2021 MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/04/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/04/2021 11:03:30

DOCUMENTO: 20210664196 Fecha: 09/04/2021 Hora: 10:59
--





b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través das redes de sumidoiros municipais, e a súa depuración, de recepción obrigatoria en virtude do artigo 34 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais polo seu carácter hixiénico-sanitario.

c) A emisión, por parte do Servizo Municipal de Saneamento, dos informes ós que se refire o Regulamento Municipal de Verteduras, con ocasión da solicitude do permiso de vertedura por parte de usuarios non domésticos, así como das actuacións de inspección e comprobación ás que se refire o citado Regulamento.

2.- Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan condición de solar ou terreo.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

a) Cando se trate de concesión de licenza de acometida á rede: propietario, usufrutuário ou titular do dominio útil da finca á que se realice a acometida.

b) No caso do feito imponible salientado no anterior artigo 2.1.b): Os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias dos devanditos servizos, ben sexan habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2.- En todo caso, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles beneficiarios do servizo, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos usuarios do servizo.

ARTIGO 4.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades que se recollen no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria e co alcance que sinala dito artigo.

ARTIGO 5.-Cota tributaria.

1.- Acometida á rede xeral municipal: A cota tributaria polo outorgamento de licenza ou autorización para a acometida á rede xeral de saneamento coincidirá co importe do presuposto da obra presentado pola empresa concesionaria e aprobada polo órgano competente da Administración Municipal, previo informe do técnico competente. Estes presupostos deberán confeccionarse de acordo co cadro de prezos que deber á ser aprobado previamente pola Xunta de Goberno Local.

2.- As cotas tributaria a esixir pola utilización das redes de sumidoiros, e a súa depuración, á que se refire o artigo 2.1.b) determinarase en función da cantidade de auga utilizada na finca, valorada de acordo ca taxa correspondente. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

2.1.- Epígrafe de Saneamento:

2.1.a) Uso doméstico:

- Mínimo trimestral de 30 m3: 0,116613 €/m3





- Excesos do mínimo anterior: 0,144392 €/m3

2.1.b) Uso industrial e de obras:

- Mínimo trimestral de 90 m3: 0,140195 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,182803 €/m3

- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga

2.1.c) Industrias de alto consumo:

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,116806 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,144420 €/m3

- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga

2.2.- Epígrafe de depuración:

2.2.- Epígrafe de depuración:

2.2.a) Uso doméstico:

- Mínimo trimestral de 30 m3: 0,597 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,190000 €/m3

2.1.b) Uso industrial e de obras:

- Mínimo trimestral de 90 m3: 0,199 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,450000 €/m3

- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga

2.1.c) Industrias de alto consumo, con destino ó emisario do Touro ou destino a emisario propio:

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,000000 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,000000 €/m3

2.1.d) Industrias de alto consumo, con destino distinto ó emisario do Touro ou distinto de emisario propio:

- Mínimo trimestral de 500 m3: 0,270000 €/m3

- Excesos do mínimo anterior: 0,190000 €/m3

- Industrias de fabricación de xeo: 1/3 do 20 por 100 do consumo de auga

3.- En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable pola súa subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.

4.- No caso de inmobles carentes de subministro municipal de auga potable, a cota tributaria será o mínimo establecido no apartado anterior.





5.-As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises esixidas polo Regulamento Municipal de Verteduras, deberán axustarse ás seguintes contías:

CONCEPTO	IMPORTE
Ph	5,69 €
Conductividade	5,69 €
Sólidos en suspensión totais	17,29 €
D.B.O.5	36,10 €
D.Q.O.	29,03 €
Fósforo total	15,99 €
Nitróxeno amonacal	13,49 €
Sulfuro	19,95 €
Aceites e graxas	68,49 €
Recollida e envío mostra laboratorio	99,92 €
SUBTOTAL	311,64 €
I.V.E. 21%	65,44 €
TOTAL	377,08 €

As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento Municipal de Verteduras, deberán axustarse ás seguintes contías:

CONCEPTO	IMPORTE
Por inspección	193,68 €
I.V.E. 21%	40,67 €
TOTAL	234,35 €

6.- A cota de saneamento quedará reducida ao 50% para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).

6.1. O carácter desta redución é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período de liquidación seguinte ó da solicitude.

6.2. Os interesados que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello de Riveira debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.





b) *Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.*

c) *Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA.*

d) *Fotocopia do último recibo de pago da taxa polo servizo de saneamento e depuración e /ou de auga.*

e) *Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de subministración de auga potable (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.*

f) *No caso en que o inmovible obxecto do servizo onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais:*

1. *Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.*

2. *Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución.*

6.3. *Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ó interesado na forma establecida no artigo 68 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixesen, considerarase que desistiu da súa petición logo de resolución ditada para o efecto.*

6.4. *Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.*

6.5. *No caso de renovacións, cando o réxime protector (RISGA) ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.*

6.6. *O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do disfrute da redución da cota tributaria con efectos no mesmo trimestre en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para o recoñecemento da mesma no novo domicilio.*

7.- *A cota de depuración quedará reducida ao 50% para os contribuíntes, nos seguintes casos:*

a) *Para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA).*

b) *Para os contribuíntes que cobren pensións non contributivas.*

c) *Para os contribuíntes membros dunha unidade familiar (mínimo de tres membros), que teñan uns ingresos inferiores ou iguais a 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).*

Enténdese por unidade familiar:

En caso de matrimonio (modalidade 1ª): A integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houbera:





1.Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.

2.Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada. A maioría de idade alcánzase aos 18 anos. Os fillos maiores de dezaioito anos cunha minusvalía superior ó 33 %.

En defecto de matrimonio ou nos casos de separación legal (modalidade 2ª):

A formada polo pai ou a nai e a totalidade dos fillos que convivan cun ou outra e reúnan os requisitos sinalados para a modalidade 1ª anterior.

Calquera outra agrupación familiar distinta das anteriores non constitúe unidade familiar.

Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Por tanto, se un fillo cumprise 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo.

d) Para os contribuíntes titulares de familia numerosa, que teñan uns ingresos que non superen o dobre do salario mínimo interprofesional.

7.1- O carácter desta redución é rogado, xurdindo efecto a súa concesión como se indica para cada caso.

7.2- Os interesados que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado pola alcaldía, de Riveira debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

a) Para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA). Deberán presentar a mesma documentación que a recollida no punto 6 anterior, xurdindo efecto a súa concesión no período de liquidación seguinte ó da solicitude.

b) Para os contribuíntes que cobren pensións non contributivas. Deberán presentar a seguinte documentación, no 4ª trimestre do exercicio impositivo anterior ao que pretendan que produza efectos:

- A indicada nos apartados a), b), d), e), e f) do apartado 6.2 anterior.
- Certificado emitido pola Seguridade Social de percibir pensión contributiva.

c) Para os contribuíntes membros dunha unidade familiar (mínimo de tres membros), que teñan uns ingresos inferiores ou iguais a 2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), Deberán presentar a seguinte documentación, no 4ª trimestre do exercicio impositivo anterior ao que pretendan que produza efectos:

- A indicada nos apartados a), b), d), e), e f) do apartado 6.2 anterior.
- Derradeira declaración do IRPF presentada, ou no seu caso certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non estar obrigado a presentar IRPF, de cada un dos membros da unidade familiar.
- Certificado de imputación de rendas emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de cada un dos membros da unidade familiar.

d) Para os contribuíntes titulares de familia numerosa, que teñan uns ingresos que non superen o dobre do salario mínimo interprofesional, Deberán presentar a seguinte documentación, no 4ª trimestre do exercicio impositivo anterior ao que pretendan que produza efectos:





- A indicada nos apartados a), b), d), e), e f) do apartado 6.2 anterior.
- Certificado de empadramento na vivenda obxecto de solicitude.
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial (fotocopia compulsada).
- Derradeira declaración do IRPF presentada, ou no seu caso certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria de non estar obrigado a presentar IRPF, de cada un dos membros da unidade familiar.
- Certificado de imputación de rendas emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de cada un dos membros da unidade familiar.

7.3 A bonificación regulada nos apartados b), c), e d) do apartado 7, solo producirá efectos para o período impositivo seguinte ao que se insta a súa concesión, debendo solicitar prórroga nos seguintes períodos impositivos aportando de novo a documentación que acredite que se siguen a cumprir os requisitos. En calquera caso a presentación da solicitude, fóra do prazo establecido no apartado anterior, dará lugar a que xurdirá efectos no seguinte período de liquidación ó da solicitude.

ARTIGO 6.- Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, enténdese iniciada a devandita actividade para as novas acometidas, dende o momento de solicitar a preceptiva licenza municipal, ou dende a data en que debeu solicitarse, de omitirse este trámite.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras o residuais, e a súa depuración, teñen carácter obrigatoria para tódalas fincas do Municipio, que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que existan redes de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de 100 metros, e devengarase a taxa dende que exista a acometida á rede municipal ou, aínda que os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede municipal, cando así o dispoña unha resolución municipal ó efecto.

ARTIGO 7.- Declaración, liquidación e ingreso.

1.- Os suxeitos pasivos formularán as declaracións de alta e baixa no censo ou padrón de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo ou Padrón fiscal farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2.- As cotas esixibles pola prestación dos servizos os que se refire o artigo 2.1.b) desta Ordenanza liquidaranse e recadaranse trimestralmente mediante a elaboración dun Padrón fiscal ou matrícula, xunto coas taxas pola prestación dos servizos de recollida do lixo e abastecemento municipal de auga potable.

Estas liquidacións, de conformidade co previsto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, serán notificadas colectivamente mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares de costume.

3.- A liquidación da cota tributaria pola acometida á rede xeral, o contribuínte formulará a oportuna solicitude no Rexistro Xeral do Concello, que será aprobada polo órgano competente do





Concello simultaneamente ó outorgamento da licenza de enganche. A recadación levarase a cabo polo concesionario do servizo, unha vez realizada a notificación ó interesado segundo o previsto no art. 102.1 e 102.2 da Lei Xeral Tributaria.

Nas licencias de acometida, de producirse desistimento con posterioridade ó outorgamento da licenza, procederá tan só a devolución da contía aboada por esta taxa sempre que as obras correspondentes non tiveran comezado.

4.- As cotas esixibles con ocasión da realización das análises e emisión de informes, así como das actuacións de comprobación e investigación ás que se refire o Regulamento Municipal de Verteduras, serán directamente abonados á empresa concesionaria do Servizo, podendo esta esixir o depósito previo dos correspondentes importes. En todo caso, con carácter trimestral, e dentro dos trinta días posteriores ó remate de cada trimestre natural, a empresa Concesionaria do Servizo deberá remitir a este Concello relación das contías esixidas como consecuencia das referidas actuacións.

5.- As cotas desta taxa liquidadas e non satisfeitas en período voluntario de cobranza, esixiranse mediante o procedemento administrativo de prema .

ARTIGO 8.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-

As tarifas do Epígrafe de Depuración do artigo 5.2.2 desta Ordenanza Fiscal serán de aplicación unha vez que as Depuradoras de Corrubedo e Riveira xeneren custes con cargo ó Concello de Riveira.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data xx-xx-2021, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir dese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. “

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 12 (9 PP, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 9 (7 PBBI, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 0





Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, sobre **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL B.1.14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

3.-EXPTE. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2021. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, sobre proposta de Alcaldía que é do seguinte tenor literal

“Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.-“Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2021, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
342.75000	Aportación á Xunta de Galicia para módulo atletismo da Fieiteira	400.040,00
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
913.03	Préstamo crédito extraordinario 1/2021	400.040,00

2º.- *Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

3º.- *Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN





PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (9 PP, 2 BNG)
-VOTOS EN CONTRA: 7 PBB
-ABSTENCIÓNS: 3 (2 PS DE G-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, sobre **EXPTE. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2021**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

4.-EXPEDIENTE LICITACIÓN A TRAVÉS DE PROCEDIMIENTO ABERTO CONTRATO DE OBRAS NOVO AUDITORIO MUNICIPAL E O SEU ENTORNO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2021, sobre proposta de Alcaldía que é do seguinte tenor literal:

PROPUESTA DE LA ALCALDÍA.

PARA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BIENESTAR SOCIAL Y MEDIO AMBIENTE.

SESIÓN DE FECHA 23/03/2021.

ADJUDICACIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO "NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA Y SU ENTORNO".

Expediente: 2020/C_OB000023

En el marco del proyecto Más Ribeira Atlántica 2020 cofinanciado en un 80% por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) dentro del Programa Operativo Plurirregional de España (POPE) 2014-2020.

Visto el expediente que se tramita para contratar, las obras del proyecto "NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA Y SU ENTORNO", con un presupuesto total de licitación de 4.236.384,11 euros (presupuesto base: 3.501.143,89 euros; IVA 21%: 735.240,22 euros).



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210664196
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/04/2021	Fecha: 09/04/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/04/2021 11:03:30		Hora: 10:59





Esta actuación está contemplada en la acción LA10, Dotación de infraestructuras culturales y sociales del proyecto "Más Riveira Atlántica 2020", que posteriormente pasaría a agruparse en la línea LA16 (Infraestructuras sociales y culturales) y en la línea (LA12) Modernización de la Administración y Smart Village Riveira, cofinanciado en un 80% por fondos FEDER, dentro del Programa Operativo de Crecimiento Sostenible (POCS) 2014-2020, actualmente integrado en el Programa Operativo Pluriregional de Europa (POPE).

El proyecto técnico de fecha octubre/2020, redactado por los arquitectos Antonio Pons Cañellas, Anna Gorrochategui Matas y Bernat Pons Vidal (que forman la UTE PGP ARQUITECTES, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO), fue aprobado por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en su sesión de fecha 10/12/2020.

El expediente de contratación, por procedimiento abierto (con multiplicidad de criterios de adjudicación y tramitación ordinaria), el pliego de cláusulas administrativas y el correspondiente gasto con cargo a las aplicaciones presupuestarias 459 62211 y 491 60910, se aprobaron por acuerdo de la Junta de Gobierno Local en su sesión de fecha 17/12/2020.

Por último, es preciso añadir que la ejecución de las obras debería realizarse antes de la temporada de máximas precipitaciones, que suele coincidir con los meses de otoño e invierno, ya que es frecuente la inundación de los terrenos adyacentes al cauce en algunos tramos del arroyo, lo que dificultaría, o incluso impediría, el desarrollo de los trabajos. Además se podrían producir arrastres de sedimentos hacia el propio cauce, lo que tendría una incidencia muy negativa en las condiciones físico-químicas de las aguas, y sobre la flora y la fauna del arroyo.

También es importante que las actuaciones se lleven a cabo preferentemente fuera del período de crecimiento vegetativo y de cría de las especies animales que están presentes en el entorno próximo (que coincide con la primavera) para evitar las interferencias sobre sus hábitats.

En este ejercicio presupuestario el Concello de Ribeira dispone de los medios económicos necesarios para contratar la ejecución del proyecto.

Por todo ello, **se entiende justificado interesar la declaración de urgencia para el procedimiento expropiatorio objeto de este informe**, de manera que se puedan acometer las actuaciones recogidas en el proyecto con la máxima rapidez posible, con el único propósito de asegurar la restitución de las condiciones ambientales óptimas al curso alto del arroyo Pedrín, lo que permitirá garantizar la supervivencia de las poblaciones de diferentes especies de anfibios, y de taxones de flora con una distribución muy limitada y escasa presencia en el término municipal. Además se lograría la compatibilización de la conservación de los hábitats de esas especies con un uso social recreativo, lo que tendría un valor significativo de divulgación sobre los valores naturales del espacio. Esto es, se acometería la recuperación ambiental del entorno y del propio



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210664196
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/04/2021	Fecha: 09/04/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/04/2021 11:03:30		Hora: 10:59





cauce fluvial del arroyo Pedrín, contribuyendo a la puesta en valor del arroyo, de su riqueza natural y cultural. Todo ello en concordancia con los fundamentos establecidos por las directrices técnicas de conservación fluvial de la Administración Hidráulica de Galicia.”

SEXTO.- Remitir o expediente completo ao órgano autonómico competente.

SÉTIMO.- Comunicar a todos os interesados que, de conformidade co disposto no artigo 24 da LEF, este expediente expropiatorio, que se inicia coa adopción polo Pleno da Corporación dos acordos aquí referidos, darase por rematado no caso de que o Concello e aqueles conveñan a adquisición dos bens e dereitos obxecto da expropiación libremente e por mutuo acordo.

OITAVO.- Publicar este acordo para que, conforme ao establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sirva de notificación aos interesados que resulten descoñecidos, se ignore o lugar para a práctica da notificación, ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 1 Mixto-Suma Ribeira

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, sobre **EXPEDIENTE EXPROPIACIÓN FORZOSA URGENTE DOS INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIBEIRA**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

6.-PROPOSICIÓN DO GM BNG PRESENTADA POR D. XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS E D.LUIS PÉREZ BARRAL SOBRE ELIMINACIÓN NOMES RÚAS E ANULACIÓN ACORDOS PLENARIOS.

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito conxunto dos concelleiros do BNG **Xosé Antonio Vázquez Cobas e Luís Antonio Pérez Barral** de data marzo de 2021 (rex entr. 09-02-





2021, nº 1842), e ditaminada pola Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 15 de febreiro de 2021 do seguinte tenor literal:

“Xosé Antonio Vázquez Cobas e Luís Antonio Pérez Barral concelleiros do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira, presentan a seguinte proposición ante a Corporación Municipal e ante o alcalde, en relación ao cumprimento da Lei 52/2007 para que se retire a placa da Avenida Miguel Rodríguez Bautista, retirada da placa da Rúa Diego Delicado, anulación dos nomeamentos de Fillos Adoptivos de Ribeira aos Sres. Fernando Suárez Tangil, conde de Vallellano e José María Rivera de Aguilar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As demandas das asociacións de vítimas de xustiza, verdade e reparación non estarán suficientemente atendidas mentres a simboloxía franquista estea presente no espazo urbano. Mais aínda existen, hoxe en día, nomes de rúas, placas conmemorativas e nomeamentos de fillos adoptivos e predilectos que celebran a memoria de cargos franquistas en distintos lugares do país. Ante esta situación, a chamada Lei da Memoria Histórica e as recomendacións da ONU dos anos 2013 e 2014 emprazan as distintas administracións a retiraren toda a simboloxía que enxalza o franquismo. Moitas organizacións e grupos de persoas afectadas expoñen que, con esta simboloxía aínda en pé, seguen a considerarse vítimas de segunda categoría.

A retirada de toda a simboloxía enaltecedora da ditadura franquista é unha das primeiras medidas reparadoras que cómpre adoptar. Así o entendeu o Parlamento de Galiza cando aprobaba por unanimidade o 18 de xullo de 2016 (Xunta gobernada polo PP) unha declaración institucional para “eliminar as denominacións e as referencias franquistas das rúas e edificios públicos”. A actuación das administracións públicas, neste sentido, debe encamiñarse cara á procura da consideración xeral dos cidadáns, prestixiando a persoas ou institucións que promovan valores de diálogo, paz ou defensa da cultura como medio de convivencia entre os diferentes pobos.

Tendo en conta todo o exposto ata aquí, o feito de manter en Ribeira unha rúa dedicada a **Miguel Rodríguez Bautista**, alcalde franquista durante 18 anos, os máis duros e represivos da ditadura, cando moitos compatriotas estaban encarcerados, fuxidos ou mesmo forzados ao exilio, non deixa de ser unha intolerable inxustiza e un despropósito democrático. Trátase dun alcalde posto a dedo polas autoridades franquistas. Un alcalde que asumiu, na súa integridade, a función de xefe do partido único fascista, responsable de miles de paseados entre os nosos compatriotas. Unha persoa que non só desempeñou, de bo grado, o posto de máxima autoridade franquista en Ribeira; senón que, ademais, buscou o ascenso social a través do partido fascista, converténdose ao longo de tres lexislaturas (1949-1959) nun procurador en Cortes, e que asumiu cargos en tódalas esferas (local, provincial e estatal reafirmando, deste xeito, o seu compromiso coa ditadura.

Mais aquí entra en xogo, tamén, a figura de **Diego Delicado** porque foi o devandito alcalde Miguel Rodríguez o que, por motivos persoais, moveu os fíos para conseguir que un personaxe coma el, sen ascendencia social ningunha con Ribeira, conseguise unha rúa na cidade, reafirmando, deste xeito, os lazos de interese persoal entre el e este cargo franquista, naquela altura presidente da Deputación Provincial. Os intereses persoais de ascenso social alimentábanse mutuamente. Por iso non é de estrañar que fose tamén Miguel Rodríguez quen se encargase de nomear fillo adoptivo ao conde Vallellano, **Fernando Suárez de Tangil**, o 19 de Xullo de 1952. Esta mesma distinción entregóuselle ao subsecretario **José María Rivera de Aguilar**, coa complicidade dunha ditadura l, que causou o terror e un atraso de décadas na sociedade española. Unha ditadura responsable de miles de mortos, detidos e desaparecidos, que trouxo tanta dor e miseria como teñen demostrado inxentes investigacións. Esta ditadura e os seus cargos utilizaban as institucións para dignificaren persoas que coa súa actuación eran





responsables dunha volta atrás sen precedentes na España contemporánea. Arruinaron ética, social, política e economicamente ao país e aínda tivemos que ver como eran premiados publicamente.

En virtude de todo o exposto e ao amparo artigo 15, 1. da lei 52/2007, tamén coñecida como Lei de Memoria Histórica, que literalmente di "Las administraciones públicas en el ejercicio de sus competencias, tomaran las medidas oportunas para la retirada de escudos, insignias, placas y otros objetos o menciones conmemorativas de exaltación, personal o colectiva, de la sublevación militar de la Guerra Civil y de la represión de la Dictadura".

O grupo municipal do BNG, insta ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte **ACORDO:**

1. *A retirada do nome da Avenida Miguel Rodríguez Bautista e cambio da nomenclatura da mesma pola de Avenida Heroínas de Sálvora, Xosé Neira Vilas ou calquera outro nome que suscite o consenso dos grupos que integran a Corporación Municipal.*
2. *A retirada do nome da Rúa Diego Delicado e cambio da nomenclatura da mesma pola de Praza de Vigo.*
3. *A anulación do acordo plenario de Ribeira con data de 19-VII-1952 de nomear fillo adoptivo a Fernando Suárez Tangil, conde de Vallellano.*
4. *A anulación do acordo plenario de Ribeira con data de 19-VII-1952 de nomear fillo adoptivo a José María Rivera de Aguilar.*
5. *Deberán realizarse ditos acordos antes do 30 de xuño de 2021.*
6. *A día de hoxe, co nivel de coñecemento que temos, damos por cumprida a Lei da Memoria Histórica no Concello de Ribeira.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorporárase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **previa retirada por parte do Sr. Vázquez Cobas do punto nº 6**, sómese a votación ordinaria a proposición transcrita, según ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 15 de febreiro de 2021, **acordándose unha votación separada por cada uno dos puntos**, co seguinte resultado:

1.-A retirada do nome da Avenida Miguel Rodríguez Bautista e cambio da nomenclatura da





mesma pola de Avenida Heroínas de Sálvora, Xosé Neira Vilas ou calquera outro nome que suscite o consenso dos grupos que integran a Corporación Municipal.

2.-A retirada do nome da Rúa Diego Delicado e cambio da nomenclatura da mesma pola de Praza de Vigo.

(...)

5.- Deberán realizarse ditos acordos antes do 30 de xuño de 2021.

-VOTOS A FAVOR: 5 (2 BNG, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 16 (9 PP, 7 PBB)

-ABSTENCIÓNS: 0

3.-A anulación do acordo plenario de Ribeira con data de 19-VII-1952 de nomear fillo adoptivo a Fernando Suárez Tangil, conde de Vallellano.

-VOTOS A FAVOR: 5 (2 BNG, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 7 PBB

-ABSTENCIÓNS: 9 PP

4.-A anulación do acordo plenario de Ribeira con data de 19-VII-1952 de nomear fillo adoptivo a José María Rivera de Aguilar.

-VOTOS A FAVOR: 5 (2 BNG, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 7 PBB

-ABSTENCIÓNS: 9 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda **NON aprobala** proposición do **GM** do **BNG**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 15 de febreiro de 2021, sobre **SOBRE ELIMINACIÓN NOMES RÚAS E ANULACIÓN ACORDOS PLENARIOS**.

(Nestas intres, sendo as 22 h e 25 minutos , ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal, acórdase un descanso, reanudándose a sesión ás 22 h e 45 minutos).





7.-PROPOSICIÓN DO GM BNG PRESENTADA POR D. XOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ COBAS SOBRE TRANSFERENCIA DE AP 9 A GALIZA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito do concelleiro **D.Xosé Antonio Vázquez Cobas** de data 26 de febreiro de 2021 (rex entr. 26-02-2021, nº 2741), e ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021 do seguinte tenor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegas e galegos. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten custado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda ternos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería ca beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza canta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nasas empresas é, á súa vez, un sucucento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios. A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pala Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruínas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruínas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.





Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9 comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só penderentes de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1- Instará Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito aprobala proposición do **GM** do **BNG** transcrita ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de marzo de 2021, sobre **TRANSFERENCIA DE AP 9 A GALIZA**, quedando convertido en acordo, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.





Segundo:- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes”

8.-PROPOSICIÓN DO GM PBBI PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO SOBRE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO NA RÚA DA BARCA QUE CHEGA ATA O MUELLE FENICIO DE A COBASA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposición do **GM PBBI** segundo o escrito do concelleiro **D. Vicente Martiño de Bricio** de data 5 de marzo de 2021 (rex entr. 05-03-2021, nº 3170) e ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, de data 23 de marzo de 2021, do seguinte tenor literal:

Vicente Mariño de Bricio, con DNI 52.456.748-G, en calidade de concexal y portavoz del grupo municipal del Partido Barbanza In- dependiente (PBBI), presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira, al amparo de lo dispuesto en el apartado c del artículo 116.1 del Regulamento Orgánico Municipal, la siguiente moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Los propietarios de las fincas situadas a ambos márgenes del camino que parte de la Rúa Punta da Barca y llega al muelle fenicio de A Cobasa presentaron el 21 de julio de 2005 en el Ayuntamiento de Ribeira un escrito para comunicar que todos autorizaban la cesión de la parte necesaria de sus terrenos con la finalidad de que se procediera a ensanchar dicho camino de unos 300 metros de longitud, así como que se realizase el arreglo del mismo, haciendo una calle para transitar por ella y se pudiera acceder a todas las parcelas. Además, sostenían que se trataba de una actuación muy beneficiosa para toda la zona, tanto para acceder al muelle como para las playas El equipo de gobierno local que por aquel entonces mandaba en Ribeira llevó a cabo la ampliación del ancho de dicho camino, que pasó de 2 a 8 metros, y se encargó de marcar los nuevos deslindes en cada finca, quedando perfectamente delimitadas y aplicó una capa de zahorra para la capa de rodadura del mismo vial.

También le rogaron al Ayuntamiento que se comprometiera por escrito a que a los propietarios de tres fincas amuralladas les fue- sen reconstruidas en el nuevo deslinde tras su demolición, para que de ese modo se pueda hacer efectiva la cesión del terreno que previamente autorizaron.

Sin embargo, después de haber transcurrido 16 años desde la presentación del citado escrito, sólo se hizo efectiva la cesión en uno de los márgenes, mientras que en el otro, concretamente en el tramo inicial que se encuentra asfaltado, y que es donde se ubican las parcelas amuralladas, aún no se hizo efectiva la cesión.

*Los propietarios de las fincas se han puesto ahora en contacto con el **Partido Barbanza Independiente (PBBI)** para solicitar que el Ayuntamiento de Ribeira proceda a asfaltar este camino y el que también concluye en el muelle fenicio.*

Consideran que se trata de una actuación necesaria pues hay casas habitadas en el tramo final del camino que todavía es de tierra, como sucede en el caso de la Rúa Punta da Barca.

Advierten que en otros viales que antes eran del mismo material – zahorra-, como sucede en e la Rúa da Muralla se llevó a cabo el asfaltado de su totalidad hasta llegar a los pies



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210664196
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/04/2021	Fecha: 09/04/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/04/2021 11:03:30		Hora: 10:59





de la playa, y en el caso del entorno del muelle fenicio no se ha utilizado el mismo criterio.

Añadieron que también supondría proporcionarle un valor añadido al enclave turístico y paisajístico que supone el muelle fenicio de A Cobasa. Igualmente, advirtieron que en otros casos se está reponiendo el pavimento deteriorado, pero creen que lo prioritario debería ser que se dotase del mismo a los viales que carecen de asfaltado.

En virtud de todo lo expuesto, el grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI) insta al pleno de la corporación municipal de Ribeira a la adopción de los siguientes.

ACUERDOS:

Primero: - Instar al Concello de Ribeira a pavimentar con asfalto, u otro material consistente, todo el ancho de ocho metros del camino de unos 300 metros de longitud que hay en la denominada Rúa da Barca, que llega hasta el muelle fenicio de A Cobasa, así como en el tramo final de unos 100 metros de la Rúa do Porto Fenicio que actualmente es de zahorra.

Segundo Instar al Concello de Ribeira a que desarrolle un plan especial de actuación para la puesta en valor del entorno paisajístico del muelle fenicio de A Cobasa

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM** do **PP** e no seu nome por Dna. Maria José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

“Punto 8.- Proposición do Grupo Municipal PBBI, presentada por Vicente Mariño de Bricio, sobre “Pavimentación de camiño na rúa da Barca que chega ata o muelle fenicio da Cobasa”.

Emenda de substitución:

1.-Continuar coa tramitación do expediente administrativo iniciado polo Concello de Ribeira para a posta en valor do entorno paisaxístico do peirao fenicio da Cobasa.

2.-Continuar coa tramitación das autorizacións xa solicitadas ante o servizo de urbanismo da Xunta de Galicia e o servizo de Patrimonio para a execución das obras de pavimentación das Rúas Punta da Barca e Porto Fenicio”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM PBBI**, así como da **emenda de substitución** do **GM** do **PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **sómetese a votación ordinaria a emenda (art. 116 do Regulamento Orgánico Municipal)** presentada polo GM do PP sobre o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2021, co seguinte resultado:





-VOTOS A FAVOR: 20 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** a proposición do **GM PBBI, unha vez incorporada a emenda de substitución do GM do PP** e según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 23 de marzo de 2021, sobre **PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO NA RÚA DA BARCA QUE CHEGA ATA O MUELLE FENICIO DE A COBASA** e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-Continuar coa tramitación do expediente administrativo iniciado polo Concello de Ribeira para a posta en valor do entorno paisaxístico do peirao fenicio da Cobasa.

Segundo:-Continuar coa tramitación das autorizacións xa solicitadas ante o servizo de urbanismo da Xunta de Galicia e o servizo de Patrimonio para a execución das obras de pavimentación das Rúas Punta da Barca e Porto Fenicio”

9.-PROPOSICIÓN DO GM MIXTO-SUMA RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE FOMENTO DE ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN MUNICIPAL.

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** segundo o escrito presentado por **D. Xurxo Ferrerón Vidán** de data 11 marzo de 2021 (rex entr. 11-03-2021, nº 3571),e ditaminada pola Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 23 de marzo de 2021 do seguinte tenor literal:

*Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro - voceiro do Grupo Mixto SumaRibeira, presenta ante o Alcalde e Corporación Municipal, para a súa inclusión na orde do día do vindeiro Pleno a **Proposición seguinte:***

FOMENTO DA ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN MUNICIPAL

Cando pronto se van cumprir dous anos dende que a cidadanía ribeirense decidiu outorgarnos representación na corporación municipal, e o Partido Popular ven gobernando en minoría, en SumaRibeira consideramos que se fai necesario que no Pleno sexa tratado especificamente un aspecto fundamental na transparencia da actividade municipal, e, nomeadamente da acción de goberno.

Como ilustrativo exemplo, recentemente, producíronse dous casos na práctica de goberno municipal no que nos imos deter:





-Se calquera veciña entra na “web” do concello e busca información sobre “AXUDAS PARA A PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DO CONCELLO DERIBEIRA, PEL-REACTIVA” encontra a publicación do importe de cada axuda concedida cun número de rexistro e de expediente, ocultando a identidade das empresas ás que se lle concederon as axudas. Nunha Xunta de Voceiros un concelleiro preguntou se saírian publicados os nomes das empresas, e pola voceira do PP respondéuselle que non se podían publicar “por protección de datos”. Cando pasado un tempo se lle preguntou sobre a legalidade de publicar os nomes, esta concelleira respondeu que consultara o tema e que non permitía a lei a súa publicación.

Para a nosa sorpresa pola contradición coa información facilitada pola concelleira, pero en consonancia co que nos parecía de antemán, temos acceso a un informe emitido polo Secretario Xeral Municipal no que, ao noso entender, non só di que é legal, senón que “habría de publicarse el nombre de la entidad que se tratase”. Información que fai incompatible coa veracidade a información facilitada pola concelleira.

En liña con deixar constancia do que entendemos como unha praxe continuada e pertinaz de falla de transparencia, queremos transmitir que o pasado 28 de febreiro SumaRibeira rexistrou un escrito solicitando que, en consonancia coa práctica real da **transparencia, acceso á información pública e bo goberno**, fosen tomadas as medidas oportunas para proceder á publicación identificable, coas correspondentes achegas económicas, das beneficiadas e beneficiados polas axudas citadas. A día de hoxe, teimudos coa opacidade na acción de goberno, non se deron aínda as instrucións necesarias para que na “web” apareza a esquiwa información demandada.

Como segundo exemplo de falla dunha acción de goberno que poña en valor a accesibilidade das veciñas e veciños á información pública, queremos mencionar que un veciño preguntou publicamente se algunha concelleira lle podía facilitar o acceso ao Regulamento de uso de aeronaves pilotadas por control remoto, que está sendo sometido a exposición pública. O Boletín Oficial da Provincia do un de marzo publica que foi aprobado polo Pleno e está a exposición pública para a presentación de alegacións e suxestións durante trinta días. Para a nosa sorpresa e desgusto o devandito regulamento, de acordo co que entendemos como práctica de inaccesibilidade á información pública que debe ser corrixida, non se encontra exposto tampouco na “web” municipal, cando no día que se rexistra este escrito xa transcorreron once días dos trinta concedidos para exposición pública.

É polo exposto que sometemos a criterio deste Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Rexeitar o comportamento obstaculizador á transparencia amosado polo equipo de goberno municipal, ao non reconsiderar a súa decisión de non publicar os nomes das empresas beneficiadas polo Plan Pel-Reactiva na “web” municipal.

2.- Instar ao Alcalde a dar as instrucións oportunas para que á maior brevidade posible sexa publicada na “web” municipal a relación dos nomes das empresas beneficiadas polas axudas concedidas polo PLAN PEL-REACTIVA. PROCEDIMENTO: 10053. EXP.: CONV000018.

3.- Instar ao Alcalde a dar as instrucións necesarias para que á maior brevidade posible sexa publicado na “web” municipal o Regulamento de uso de aeronaves pilotadas por control remoto.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210664196
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/04/2021	Fecha: 09/04/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/04/2021 11:03:30		Hora: 10:59





4.- Instar ao Alcalde e Equipo de Goberno a que dende hoxe sexan sempre publicadas na “web” municipal todas aquelas informacións que vaian ser sometidas a exposición pública, cando menos dende o día que se abra o prazo para a presentación de reclamacións e suxestións.

5.- Posta en funcionamento dunha comisión na que estean representadas todos os grupos políticos municipais, na que, tendo en conta as achegas das veciñas e veciños, sexa elaborado un **regulamento de fomento da transparencia e acceso á información pública**, na procura da máxima accesibilidade da cidadanía tanto á acción de goberno como á actividade municipal xeral.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira**, así como da **emenda de substitución do GM do PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **previa retirada por consenso dos puntos 1, 2 e 3**, sómtese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 23 de marzo de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 14 (9PP, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 6 PBBI (AUSENTES NO MOMENTO DA VOTACIÓN: ART. 100 ROF,

EXPULSADA SRA. POUSO MANEIRO AO ABEIRO DO ARTIGO 95.2 ROF)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** a proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 23 de marzo de 2021, sobre **FOMENTO DE ACCESIBILIDADE Á INFORMACIÓN MUNICIPAL**, en consecuencia aproba:

Primeiro:- Instar ao Alcalde e Equipo de Goberno a que dende hoxe sexan sempre publicadas na “web” municipal todas aquelas informacións que vaian ser sometidas a exposición pública, cando menos dende o día que se abra o prazo para a presentación de reclamacións e suxestións.

Segundo:- Posta en funcionamento dunha comisión na que estean representadas todos os grupos políticos municipais, na que, tendo en conta as achegas das veciñas e veciños, sexa elaborado un **regulamento de fomento da transparencia e acceso á información pública**, na procura da máxima





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

accesibilidade da cidadanía tanto á acción de goberno como á actividade municipal xeral.

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día 29 de marzo de 2021, quedando pendentes os **puntos 10, 11, 12, 13. 14, 15, 16, 17 e 18** da orde do día, en cumprimento do acordo acadado en Xunta de Voceiros/as o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000A228400P4H2O4P6X3J6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/04/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 09/04/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/04/2021 11:03:30

DOCUMENTO: 20210664196

Fecha: 09/04/2021
Hora: 10:59

